



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Bases epistemolóxicas para o ensino das linguas e literaturas galega e castelá		Código	652608821
Titulación	6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Rodriguez Lopez-Vazquez, Alfredo	Correo electrónico	alfredo.lopez-vazquez@udc.es	
Profesorado	Muriano Rodríguez, María Montserrat	Correo electrónico	montserrat.muriano@udc.es	
	Rodriguez Lopez-Vazquez, Alfredo		alfredo.lopez-vazquez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia constituirá unha aproximación ás principais achegas da Lingüística e a Teoría da Literatura ao ensino das linguas galega e castelá e a súa literatura. Ofrecerase un panorama da evolución da educación lingüística e literaria na ESO e o Bacharelato até a situación actual e analizaranse diferentes recursos de carácter innovador nestes ámbitos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A16	Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinamentos.
A17	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A18	Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares.
A19	Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A21	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer as achegas ao ensino das principais teorías lingüísticas e literarias contemporáneas	AP17		
	AP19		
Coñecer a evolución histórica da educación lingüística e literaria e a súa situación actual	AP17		
Familiarizarse coas nocións de competencia comunicativa e competencia literaria e coñecer os fundamentos da programación nestes ámbitos	AP16		
	AP18		
	AP19		



Coñecer e valorar criticamente os recursos para a innovación educativa nos ámbitos lingüístico e literario	AP21	CM3 CM6 CM8
Ser capaces de desenvolver unha programación didáctica para ESO ou Bacharelato baseándose nos últimos avances en Lingüística e Teoría da Literatura	AP16 AP21	CM1 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Que é a epistemoloxía? Ideas previas en relación co ensino da lingua e a literatura	1.1. Epistemoloxía e transposición didáctica. 1.2. Os saberes ensinados en lingua e literatura.
2. As linguas galega e castelá e as súas literaturas na ESO e no Bacharelato.	2.1. Concepción da lingua e a literatura no currículo actual. 2.2. Obxectivos e contidos nas unidades didácticas de lingua e literatura. 2.3. O desenvolvemento das competencias comunicativa e literaria: estratexias, habilidades e avaliación.
3. Recursos para a innovación educativa: propostas, materiais didácticos e ferramentas tecnolóxicas.	3.1. Novas perspectivas de acceso ao canon literario. 3.2. As tertulias literarias dialóxicas. 3.3. A práctica lingüística a partir de desafíos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A16 A17 A21 A18 A19 C5 C6 C7 C8	14	0	14
Obradoiro	A16 A17 A21 A18 A19 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	12	25	37
Proba de ensaio	A16 A17 A21 A18 A19 C1 C4 C5 C6 C8	1	10	11
Estudo de casos	A21 A18 A19 C5 C6 C8	0	6	6
Traballos tutelados	A16 A17 A21 A18 A19 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1	25	26
Atención personalizada		6	0	6
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición dos contidos por parte do profesorado da materia.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes en que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Proba de ensaio	Nesta proba preténdese determinar, tanto os coñecementos adquiridos polo alumnado durante o curso, como a súa competencia en expresión escrita, a súa capacidade de relación e a súa madurez crítica.



Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Traballos tutelados	Realización dun traballo tutelado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Resolución de dúbidas e discusión dos métodos e materiais de traballo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A16 A17 A21 A18 A19 C1 C4 C5 C6 C8	A través dunha actividade teórica, ou práctica, o alumnado deberá mostrar o seu grao de asimilación das nocións e dos recursos que se lles presentaron, así como do seu aproveitamento didáctico.	40
Traballos tutelados	A16 A17 A21 A18 A19 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Realización dun traballo tutelado que poderá ser realizado individualmente ou en grupo.	60

Observacións avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica	- (). . Aebli, H. (2000). 12 formas básicas de ensinar. Una didáctica basada en la psicología. Madrid: Narcea. Bordons, G. e Díaz-Plaja, A. (2006). Enseñar literatura en secundaria. La formación de lectores críticos, motivados y cultos. Barcelona: Graó. Bruner, J. (1988). Realidad mental y mundos posibles. Barcelona: Gedisa. Calvino, Í. (1992). ¿Por qué leer los clásicos? Barcelona: Tusquets. Cassany, D. (2006). Tras las líneas. Sobre la lectura contemporánea. Barcelona: Anagrama. Jover, G. (2007). Un mundo por leer. Barcelona: Octaedro. Llovet, J. et al. (2012). Teoría literaria y literatura comparada. Barcelona: Ariel. Lomas, C. (coord.) (2015). Fundamentos para una enseñanza comunicativa del lenguaje. Barcelona: Graó. Mendoza Fillola, A. (coord.) (1998). Conceptos clave en Didáctica de la Lengua y la Literatura. Barcelona: SEDLL-ICE, Universitat de Barcelona e Horsori Ediciones. Moreno Cabrera, J.C. (2013). Cuestiones clave de la Lingüística. Madrid: Síntesis. Rodríguez López-Vázquez, A. (2015). Metodología didáctica y literatura: el aprendizaje de los mundos posibles (I). Recuperado de https://www.academia.edu/20081246/Metodolog%C3%ADa_did%C3%A1ctica_y_literatura_el_aprendizaje_de_los_mundos_posibles_I Rodríguez López-Vázquez, A. (2016). Metodología didáctica y literatura: el aprendizaje de los mundos posibles (II). Lingua Viva, 22. Recuperado de http://www.pf.jcu.cz/research/lingua_viva/LV22_2016.pdf Ruiz Bikandi, U. (coord.) (2011). Lengua Castellana y Literatura. Investigación, innovación y buenas prácticas. Barcelona: Graó. Vázquez Cano, E., Sevillano García, M. L. e Méndez Pérez, Á. (2011). Programar en Primaria y Secundaria. Madrid: Pearson.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías